



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO  
CONSELLO SOCIAL DO 06.09.2018**

**LUGAR:** Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 06.09.2018

**HORA DE COMEZO:** 12:30 h.

**HORA DE REMATE:** 13:30 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

D. José M<sup>a</sup> Franco García

D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno

D. Carlos Mollinedo Lois

D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo

D<sup>a</sup> Mercedes Castro Mouzo

**NON ASISTEN**

D. César Blanco Gómez

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, día 6 de setembro de 2018, ás 12:30 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (09.05.2018).
2. Informe do presidente. Asuntos pendentes.
3. Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada para a organización do "I congreso internacional de innovación docente: a ensinanza do Dereito a debate".
4. Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada pola dirección do "VI ciclo de conferencias de Dereito Concursal", organizado pola Área de Dereito Mercantil da Universidade de Vigo.
5. Acordo que proceda sobre a petición de colaboración presentada pola Delegación de Alumnos da Escola de Telecomunicacións, para organizar o XXIX congreso de estudos de Telecomunicación.
6. Acordo que proceda sobre a proposta de colaboración extraordinaria para visibilizar a presenza do Consello Social na "Pont Up Store 2018" a través dun stand compartido coa Universidade de Vigo.
7. Aprobación, se procede, da renovación da Páxina Web do Consello Social: re-deseño, actualización de contidos e mantemento.
8. Aprobación, se procede, dos traballos da última fase para a posta en marcha do Observatorio de Egresados da Universidade de Vigo: creación da Base de datos das persoas tituladas.
9. Rogos e preguntas.

---

*O presidente agradece a asistencia dos presentes, en especial a don Luis Espada e don Víctor Martínez, (invitados para documentar o punto 8 da Orde do día), e a don Miguel Angel Michinel, que acude por primeira vez, e a quen lle transmite a importancia da súa presenza como Secretario Xeral da Universidade de Vigo, para abordar os acordos e asuntos que se tratan nesta Comisión.*

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (09.05.2018).*

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 2**

*Informe do presidente. Asuntos pendentes.*

Don Ernesto Pedrosa informa da evolución e importe das axudas concedidas pola Comisión ao longo do ano, que se sitúa nunha media de 200.000 € en cada exercicio, e que en 2018 ascende ata o momento a 152.000 € sen contar os acordos que se tomen na presente reunión.

*En atención a don Luis Espada e don Víctor Martínez, e para evitar a súa espera, o presidente propón adiantar o punto 8 da Orde do día para tratalo de seguido.*



## **PUNTO 8**

*Aprobación, se procede, dos traballos da última fase para a posta en marcha do Observatorio de Egresados da Universidade de Vigo: creación da Base de datos das persoas tituladas.*

Agradece don Luis Espada a oportunidade de expoñer unha síntese do traballo ante a Comisión. Afirma que son catro anos de traballo que se reflectiu en cinco publicacións, co obxectivo de localizar aos antigos alumnos e saber en que traballan. Explica que é un traballo pioneiro no sistema universitario español, que comprende dende o inicio da Universidade de Vigo no curso 1989/90 ata o curso 2014/15.

Unha boa proba das dificultades salvadas son, a creación dun sistema de xestión da base de datos das 71.487 persoas tituladas e a ficha individualizada de 12.030 que contestaron ás enquisas, dando conta da situación laboral na que se atopan e das carencias ou suficiencias da formación que recibiron na Universidade de Vigo. Para elaborar os listados foi preciso enviar, entre outros medios empregados, 40.797 cartas ou 26.709 correos electrónicos. Avanza así mesmo, algunhas conclusións como que o 76 % dos titulados na Universidade de Vigo traballa en Galicia, e o 10 % faino repartido por 67 países dos cinco continentes.

Precisa, finalmente, os abundantes elementos informativos que compoñen a ficha de cada titulado e que permiten amplas posibilidades de interpretación, conformando unha base de datos que ata o de agora era impensable e que servirá como punto de partida para a creación do Observatorio de Egresados.

Don Víctor Martínez presenta un documento visual no que se amosan as características, as posibilidades e o manexo da base de datos na parte máis útil e concreta, a través de tres grandes liñas: persoas tituladas, datos de contactos e seguimento. Ensina como se localizan os datos e distintos supostos de navegabilidade, ademais dos diferentes apartados, as funcionalidades e os comentarios feitos a título persoal polos enquisados.

Retoma a palabra don Luis Espada para subliñar que se debe ter en conta a diferenza entre falar de ex-alumnos (que poden estar traballando en algo diferente ao que estudaron) e Egresados (que teñen a ocupación profesional acorde á formación que recibiron).

Don José María Franco felicita aos autores por "tan brillante" traballo e pregunta que se fará para que o coñeza a sociedade e teña a maior difusión posible, por exemplo a través dun "magazine" específico. Resposta don Luis Espada que a primeira fase para crear o Observatorio de Egresados está concluída e que agora ven a segunda, que corresponde ao Consello Social e á Universidade de Vigo, que é poñelo en marcha. Como idea, apunta a posibilidade dunha publicación anual que posibilite que os Egresados poidan coñecerse e manter contacto de ida e volta ca universidade.

Don Miguel A. Michinel felicita aos autores e cualifica o traballo de "moi importante" porque conseguir información dos Egresados é a parte máis difícil de atopar e cumprir cando hai que actualizar os procesos de acreditación da calidade. Así mesmo cualifica de "gran idea" que o traballo feito desemboque nun Observatorio de Egresados.

Don Carlos Mollinedo felicita tamén aos autores e interésase por saber quen terá a responsabilidade de aproveitar e desenvolver esta información para que se faga mais grande e de xeito continuo. Don Ernesto Pedrosa pecha as intervencións afirmando que se teñen feito presentacións públicas do traballo a partir dos medios de comunicación, e que o Reitorado se amosou favorable a continuar esta labor e poñela en práctica ca creación do Observatorio de Egresados; "dende o Consello Social insistiremos nesa dirección", remata o presidente. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar unha asignación de 3.000 €.***

*Don Luis Espada e don Víctor Fernández abandonan a reunión neste intre, e retómase a Orde do día.*



### **PUNTO 3**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada para a organización do "I congreso internacional de innovación docente: a ensinanza do Dereito a debate".*

Resume o presidente que a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo organiza o "I Congreso internacional de innovación docente: a ensinanza do Dereito a debate", ca participación de acreditados profesores internacionais e expertos en institucións académicas de catro continentes. O programa está dirixido a estudantes, profesores e interesados en xeral para que poidan coñecer os distintos modelos e métodos que se utilizan en diferentes zonas do mundo para a formación de xuristas. O secretario xeral anuncia a súa abstención neste punto por proceder da súa área de coñecemento. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar unha axuda de 1.200 €.***

### **PUNTO 4**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada pola dirección do "VI ciclo de conferencias de Dereito Concursal", organizado pola Área de Dereito Mercantil da Universidade de Vigo.*

Consonte informa o presidente, as conferencias están dirixidas a alumnos dos Graos de Ciencias Xurídicas e de Ciencias Económicas e Empresariais, a iniciativa achega á universidade expertos de distintos sectores profesionais para que transmitan aos estudantes as súas experiencias e cuestións prácticas que afectan ao proceso Concursal. O programa componse de cinco conferencias que se impartirán en distintas datas. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar unha asignación de 1.000 €.***

### **PUNTO 5**

*Acordo que proceda sobre a petición de colaboración presentada pola Delegación de Alumnos da Escola de Telecomunicacións, para organizar o XXIX congreso de estudos de Telecomunicación.*

Informa don Ernesto Pedrosa que a delegación de alumnos da Escola asume a organización do encontro anual dos estudantes de Telecomunicación, que reunirá en Vigo a 22 universidades españolas. O programa desenvolverase durante cinco días; as conferencias son de libre asistencia e terán un especial tratamento nas ponencias e mesas redondas a análise sobre a presenza da muller na enxeñaría, sobre o futuro dos estudos de Telecomunicación e sobre a onde se dirixen as empresas do sector. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar unha axuda de 1.800 €.***

### **PUNTO 6**

*Acordo que proceda sobre a proposta de colaboración extraordinaria para visibilizar a presenza do Consello Social na "Pont Up Store 2018" a través dun stand compartido coa Universidade de Vigo.*

Dende Pontevedra, no marco do Campus CREA, auspíase este evento público, que centra os esforzos en potenciar e estimular a cultura emprendedora na sociedade. É recoñecido como un espazo de referencia para emprendedores de Galicia, no que poderán testar produtos no mercado directo, atopar distribuidores ou posibles inversores interesados. Máis alá da colaboración do Consello Social co evento, propónse a participación de xeito excepcional nun stand compartido coa



Universidade de Vigo para achegar material. Don Carlos Mollinedo subliña a importancia da actividade e propón que se expoñan publicacións do Consello Social. A Comisión ACORDA:

- **Asignar unha axuda de 1.200 €.**

#### **PUNTO 7**

*Aprobación, se procede, da renovación da Páxina Web do Consello Social: re-deseño, actualización de contidos e mantemento.*

Explica o presidente as incompatibilidades para conciliar a actual páxina web cas novas necesidades do Consello Social, e as dificultades para introducir e renovar os contidos, un traballo feito ata agora por bolseiros a tempo parcial proporcionados pola FUVI. Neste senso, propónse o deseño, construción e posta en marcha da nova web do Consello Social, en dous idiomas. Trátase de recoller e acubillar as necesidades actuais e as actividades do Consello Social a unha estrutura informativa máis axeitada e comprensible. A actual páxina web do Consello Social data de 2013. Conxuntamente propónse estabilizar, mediante contratación externa, o mantemento e a incorporación de contidos de forma diaria, de xeito que se poida garantir que estea permanentemente actualizada, sen ter que depender dos recursos temporais da FUVI.

- **Apróbase un orzamento de 4.500 € + IVE para a reconstrución, e 450 € + IVE mensuais (ata xaneiro de 2019) para actualizar os contidos e a comunicación.**

#### **PUNTO 9**

*Rogos e preguntas.*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:30 horas do 6 de setembro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias